

REGULAMENTO DA LIV TRAVESÍA A NADO AO PORTO DE VILAXOÁN (ANEXO VII).

1.- Organización

A organización da **LIV Travesía a nado ao Porto de Vilaxoán**, correrá a cargo da Fundación de Servizos Deportivos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, contando coa colaboración técnica dos Clubes de Natación e Salvamento Acuático Vilagarcía; rexéndose polo presente regulamento.

2.- Participación

Poderán participar na proba nadadores/as federados e non federados. Entendese por federado, o deportista con licencia federativa en vigor na tempada 2016-2017 en calquera Federación Territorial dependente da Federación Española de Natación (FEN).

2.- Categorías

- **PERCORRIDO A: 2.000 metros.**
 - **Categoría 1:** Ano 1977 e anteriores.
 - **Categoría 2:** Ano 1999 a 1978.
 - **Categoría 3:** Ano 2000 a 2003.
- **PERCORRIDO B: 900 metros**
 - **Categoría 4:** Ano 1977 e anteriores.
 - **Categoría 5:** Ano 1987 a 1978.
 - **Categoría 6:** Ano 1999 a 1988.
 - **Categoría 7:** Ano 2000 a 2007.
- **PERCORRIDO C: 250 metros**
 - **Categoría 8:** Ano 2005 e posteriores.

3.- Percorrido

A saída darase dende a Dársena A do Porto de Vilagarcía de Arousa, na orde seguinte:

- **Percorrido A:** consistirá nunha liña recta dende a Praia do Preguntoiro de Vilaxoán ata o vértice dun triángulo sinalizado por tres boias. (As boias nº 2 e 3 serán de obrigado

paso, a boia nº 1 será de referencia para os nadadores/as segundo o trazado que se achega no anexo).

- **Percorrido B:** consistirá nunha liña recta dende dende a Praia do Preguntoiro de Vilaxoán de ida e volta ata unha boia de obrigado paso.(As boia nº 2 será de obrigado paso e a boia nº 1 será de referencia para os nadadores/as segundo o trazado que se achega no anexo).
- **Percorrido C:** consistirá nunha liña recta de ida e volta ata a unha boia de obrigado paso. (A boia de obrigado paso será a nº 1)

A meta, estará debidamente sinalizada cun arco hinchable na Praia do Preguntoiro de Vilaxoán. Únicamente será válida a chegada no lugar establecido como meta.

4.- Inscripcións

As inscricións na devadita travesía realizaranse a través da páxina web www.championchipnorte.com dende o 14 de agosto ata o 1 de setembro, sendo a mesma gratuíta.

Os nadadores/as non federados/as menores de 18 anos, para a súa participación terán que acompañar unha autorización do pai/nai ou titor/a.

Os nadadores/as só poderán participar nun percorrido.

Os nadadores/as locais serán aqueles que estén empadroados no municipio ou teñan licenza federativa nalgún Clube/Entidade Deportiva rexistrado na Fundación de Deportes do Concello de Vilagarcía de Arousa.

A inscrición na devandita travesía, supón a aceptación do presente regulamento.

5.- Traxes de baño

Permitirase o uso do neopreno para participar na proba.

6.- Desenvolvemento da proba

A saída dos nadadores/as dos percorridos, será dende a Praia do Preguntoiro de Vilaxoán.

A meta, estará debidamente sinalizada cun arco hinchable na Praia do Preguntoiro de Vilaxoán para mellor orientación dos nadadores/as.

A zona de concentración para os adestradores/as e delegados/as dos clubs participantes será o espazo reservado para tal fin na sede do Club de Remo Vilaxoán, que estará debidamente sinalizado ás **dez da mañá (10:00 h)** para a presentación da documentación oficial e aclaración ou dúbidas.

Será imprescindible a presentación da licenza ou outro documento oficial no que figure a data de nacemento do nadador.

As probas estarán controladas polo chip corespidente tanto no percorrido A como no B, e a proba do percorrido C será controlada pola organización.

A organización poderá pechar a chegada a meta, ranscorridos vinte minutos dende a chegada do grupo principal de nadadores/as. Neste caso, os nadadores/as que se atopen no mar serán recollidos polas embarcacións da organización e/ou Protección Civil para o seu traslado á meta.

7.- Trofeos

Os premios que se entregarán os participantes no devandita travesía, serán os seguintes:

- Medallas para todos/as os participantes do percorrido C.
- Trofeo para os tres primeiros clasificados/as das categorías do percorrido A e B (masculino e feminino).
- Trofeo para o 1º e 1ª clasificado/a absoluto dos pecorridos A e B.
- Trofeo para o 1º e 1ª clasificado/a local dos percorridos A e B.
- Torfeo para o/a deportista máis mozo/a e o máis veterano/a.

NOTA: Os premios non serán acumulables entre sí.